



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE MARZO DO 2019.-

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Mª Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. D. Manuel Bello Bouza. Dna. Cristina Cadena Freire Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e sete minutos do día vinte e cinco de marzo do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Igrexas Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CORRESPONDENTE AO DÍA 04 DE XANEIRO DE 2019

Sometida a votación as acta da sesión celebrada o día 04/01/2019 o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 3 PP) e 3 abstencións (3 BNG), acorda prestarlle a aprobación.

2º.- MARCOS ORZAMENTARIOS 2019-20-21-22

O Concello pleno dáse por enterado.

3ª DAR CONTA DO RECURSO Nº56/2019 EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PERANTE O TACGal. ADOPCIÓN MEDIDAS CAUTELARES

Dáse conta da resolución 56/2019 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia de data 7 de marzo de 2019, que a continuación se transcribe;

RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

VISTO o recurso arriba citado, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante), adoptou a seguinte resolución no día da data:



ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. En data 01.03.2019 FCC AQUALIA S.A. interpuxo, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, recurso especial en materia de contratación contra o acordo do 28.12.2018, de exclusión da súa oferta e de adxudicación da contratación da xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conducións e bombeos), Ares, Fene e Mugar dos, do Concello de Ares.

Segundo.- Segundo o artigo 53 da Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP, en adiante), unha vez interposto o recurso, quedará en suspenso a tramitación do procedemento cando o acto impugnado sexa o de adxudicación, salvo no suposto de contratos baseados nun acordo marco ou de contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, suposto que non concorre neste caso. No perfil do contratante do Concello identifica o acordo do Pleno de 28.12.2018 como o da adxudicación definitiva.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 56.3 LCSP dispón que o Tribunal no prazo dos cinco días concedidos para a presentación de alegacións, deberá resolver sobre se procede ou non o mantemento da suspensión automática. Segundo o mesmo, se debería decidir sobre a mesma dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da interposición do recurso.

Segundo.- A competencia deste Tribunal para a adopción de decisións sobre a solicitude de medidas cautelares nos expedientes de contratación ven establecida no artigo 35.bis da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Terceiro.- Establecida a suspensión automática ope legis, este Tribunal Administrativo considera que corresponde manter a suspensión da adxudicación impugnada ata que se dite resolución do recurso especial, continuando co efecto normativamente previsto polo legislador para cando se impugnan os actos de adxudicación, ao non concorrer, nin ser pastos de manifesto circunstancias que determinen o levantamento da mesma no prazo dado ao respecto e, en todo caso, por ser procedente decretar a suspensión da tramitación deste procedemento.

Polo exposto, vistos os preceptos legais de aplicación e, en concreto, de conformidade co establecido nos artigos 53 e 56 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e dos artigos 21 e 25 do Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, aprobado polo Real Decreto 814/2015, do 11 de setembro, este Tribunal

RESOLVE

Manter a suspensión da tramitación deste procedemento de contratación da xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de



saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conducións e bombeos), Ares, Fene e Mugarodos, do Concello de Ares.

Contra a presente resolución non cabe recurso ningún, sen prexuízo do que proceda contra a resolución que se dite no procedemento principal de recurso.

O PRESIDENTE, Santiago Valencia Vila. A VOGAL-SECRETARIA, Ana María de Frutos Martínez. O VOGAL, Tomás Otero Ferreiro.

O Concello pleno dáse por enterado

4º APROBACIÓN BASES CONVOCATORIA XUÍZ DE PAZ SUSTITUTO

Dáse conta do informe de Secretaría de data 20 de marzo de 2019 que a continuación se transcribe;

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Designación Xuíz de Paz sustituto.

En cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

Antecedentes: A medio de escrito de 25 de febreiro de 2019, comunícase o acordo adoptado pola Presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre inicio de expediente de designación de Xuíz de Paz Sustituto do Concello de Ares.

PRIMEIRO. En cada municipio onde non exista xulgado de primeira instancia e instrución, e con xurisdición no termo correspondente, haberá un xulgado de paz.

De acordo ca disposto no artigo 298.2 da Lei orgánica 6/1985 do poder xudicial, os xuíces de paz exercen funcións xurisdicionais sen pertencer á carreira xudicial, con suxeición ao réxime establecido na devandita lei, sen carácter de profesionalidade e con inmovilidade temporal, formando parte durante o seu mandato do poder xudicial.

Segundo o establecido no artigo 100 da Lei orgánica 6/1985 do poder xudicial, os xuíces de paz coñecerán, na arde civil e penal. os procesos cuxa competencia lles corresponde por lei. Cumprirán tamén as funcións de Rexistro Civil e as demais que a Lei lles atribúa.

SEGUNDO. A lexislación aplicable será a seguinte:

Os artigos 99 a 103 e o artigo 395 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.



Os artigos 22.2.p) e 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

TERCEIRO. Os xuíces de paz titulares e substitutos serán nomeados, para un período de catre anos, pola sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondente.

Poderán ser nomeados xuíces de paz, as persoas que, aínda sen seren licenciados en Dereito, reúnan os requisitos establecidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para o ingreso na carreira xudicial, excepto impedimento físico ou psíquico para o cargo, e que non estean incursos en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidade previstas para o desenvolvemento das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (artigo 102 da Lei orgánica 6/1985 e artigo 13 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

CUARTO. Durante o mandato, os xuíces de paz estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 398 a 397 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, no que lles sexa aplicable. Terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades

- Os artigos 4 a 6, 20, 21, e o artigo 28 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

- A dedicación á docencia ou á investigación xurídica, única actividade que, cando se desempeña a tempo parcial, se autoriza a xuíces e maxistrados, ou algunhas outras actividades que, aínda que sexan retribuídas con cargo aos orzamentos do estado, poden ser exercidas polos xuíces de paz. Entende o Consello Xeral, atendendo a un criterio de razoable flexibilidade, que, debido á escaseza da suma con que se retribúe o xuíz de paz, isto obrígaos a dedicarse a outra actividade para poder subsistir, e que o importante é que a outra actividade que o xuíz de paz desenvolva sexa, en esencia, compatible co cargo, para evitar interferencias que puidesen afectar a independencia do xuíz á hora de exercer a súa función (exposición de motivos da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial).

O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non supoñan asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos deberes xudiciais (artigo 14 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).



Os xuíces de paz non poderán pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter un emprego ao servizo destes, e terán prohibidas as actividades recollidas no artigo 395 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, del poder xudicial (artigo 23 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

A autorización, recoñecemento ou denegación de compatibilidade dos xuíces de paz correspóndelle ao Consello Xeral do Poder Xudicial, logo dun informe do presidente do Tribunal Superior de Xustiza competente (artigo 16 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

QUINTO. O procedemento para levar a cabo a elección do xuíz de paz sustituto é o seguinte:

O Concello anunciará as vacantes nos cargos de xuíz de paz sustituto con antelación suficiente, mediante convocatoria pública, indicando o prazo e lugar para a presentación das instancias.

Posteriormente, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello, no xulgado de primeira instancia e instrución do partido ou xulgado decano, e no propio xulgado de paz. A data deste anuncio é a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

As solicitudes, que farán constar que se reúnen as condicións de capacidade e de compatibilidade, dirixiranse ao alcalde-presidente do Concello de Ares e presentaranse no rexistro de entrada deste concello ou mediante o procedemento regulado no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, d Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo de quince días.

Para poder participar no proceso de selección, deberanse reunir os requisitos esixidos para formar parte na carreira xudicial, de acordo cos artigos 302 e 303 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial:

- a) *ter nacionalidade española;*
- b) *ser maior de idade;*
- e) *non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas na Lei orgánica do poder xudicial (artigo 389).*

Os xuíces de paz serán elixidos polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que reúnan as condicións legais e así o soliciten.



De non haber ningún solicitante, o Pleno elixirá libremente (artigo 101.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e artigos 4 e 6 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Unha vez aprobado o acorde polo Pleno do Concello, remitiráselle ao xuíz de primeira instancia e instrución, que o levará á sala de goberno (artigo da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e artigos 22.2.p) e 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O artigo 7 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz desenvolve a previsión do 101.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e establece que o acorde do Concello seralle remitido ao xuíz de primeira instancia e instrución do partido (*decano*), que o dirixirá á sala de goberno. Ao acorde do Concello xuntaráselle unha certificación que inclúa os seguintes puntos:

Referencia detallada das circunstancias nas que se produciu a elección.

Mención expresa da observancia do quórum esixido pola Lei.

Datos de identificación e condicións de capacidade e compatibilidade dos elixidos.

Se a Sala do Goberno do Tribunal de Xustiza considera que as persoas elixidas polo Concello reúnen as condicións de capacidade e de elixibilidade esixidas pola Lei, expedirá os correspondentes nomeamentos e ordenará a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comunicándolle o contido ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao xuíz de primeira instancia e instrución do partido (Decano) (artigo 8 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Cando na persoa elixida polo Concello concorra algunha causa de incompatibilidade, a sala de goberno poderá proceder ao seu nomeamento se o proposto reúne os requisitos legais de capacidade, para o que se lle concederá un prazo de cito días para que acredite o cesamento no exercicio da actividade incompatible. No caso de que non acredite isto, entenderase que renuncia ao cargo (artigo 15 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Se no prazo de tres meses desde que se produciu a vacante nun xulgado de paz, o Concello non leva a cabo a proposta mencionada nos puntos anteriores, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza designará un xuíz de paz. Actuarase do mesmo xeito cando a persoa proposta polo Concello non reúna, a xuízo da mesma sala de goberno e unha vez oído o Ministerio Fiscal, as condicións esixidas por esta lei (artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e artigos 4 e 9 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Contra os acordos de nomeamento de xuíces de paz cabe recurso de alzada ou de revisión, cando proceda, ante o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, nos prazos e polos



motivos e formas que establece a Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os xuíces de paz tomarán posesión do seu respectivo cargo dentro dos vinte días naturais seguintes á data de publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, logo de facer o xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución do partido (Decano). Non estarán abrigados a prestar xuramento ou promesa aqueles que xa o fixeran con anterioridade como xuíces de paz. A duración do mandato computarase desde a data de publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia (artigo 20 e artigo 21.2 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Non obstante, a corporación acordará o que considere procedente.

Ares, 14 de marzo de 2019

O Secretario

Sometida a votación a “APROBACIÓN BASES CONVOCATORIA XUIZ DE PAZ SUSTITUTO” o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 3 PP, 3 BNG), acorda prestarlle a aprobación.

5º APROBACIÓN NOVO CONVENIO DELEGACIÓN COMPETENCIAS APLU

Dáse conta do novo convenio delegación de competencias APLU de data 5 de marzo de 2019 do seguinte teor literal;

Asunto: Ampliación de competencias delegadas na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Estimado/a ALC ALDE:

O Concello de Ares delegou as súas competencias na APLU, mediante convenio de adhesión do 30/01/09, publicado no DOG o día 18/03/09.

Segundo as solicitudes presentadas por varios concellos nos que instaban á ampliación de competencias, a dirección da Axencia, previa autorización do Consello Executivo, decidiu por a disposición dos concellos adheridos a posibilidade de modificar os convenios de adhesión.

O novo modelo de convenio muda a competencia para resolver os recursos administrativos interpostos contra resolucións da Axencia ditadas no exercicio de competencias delegadas. No antigo modelo, a competencia para a resolución dos recursos administrativos lle correspondía aos concellos, previo informe da APLU, o que supuña unha carga administrativa para o concello. Ademais, no suposto habitual de que se interpuxera recurso contencioso administrativo, corresponderíalle ao concello a súa defensa o que supón ademais unha carga económica. Por elo, o novo modelo



atribúe a competencia para a resolución dos recursos administrativos á Axencia, previo informe do concello.

O novo convenio, inclúe tamén, un novo réxime de financiamento, máis atractivo para os concellos, ca finalidade de reverter no territorio degradado un maior porcentaxe das multas e sancións recadadas. Nos convenios iniciais prevíase a transferencia aos concello do 50% das multas e sancións impostas en exercicio de competencias delegadas, mentres que o novo modelo prevé a transferencia do 10% de multas e sanción impostas e como máximo 30.000 euros anuais, tanto en exercicio de competencias propias como delegadas o que incrementará a cantidade transferida.

Segundo o establecido no artigo 10.3 do Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, os convenios de adhesión poderanse modificar cumprindo os mesmos requisitos exixidos para a súa aprobación, polo que por parte do concello precisa aprobación plenaria, como mínimo pola maioría absoluta dos membros da corporación.

Por elo, ponse a súa disposición a posibilidade de modificar o convenio de adhesión inicialmente suscrito, nos termos que se relacionan no anexo que se achega.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2019.

O director da APLU,

José Antonio Cerdeira Pérez.

ANEXO I.

Primeiro. Modifícase o parágrafo terceiro da estipulación segunda "Delegación de competencias", quedando redactada nos seguintes termos:

"3. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados polo Axencia, en exercicio de competencias delegadas, corresponderalle igualmente á Axencia, despois do informe previo do Concello, que deberá emitirse no prazo máximo dun mes. Transcorrido o cal continuarase coa tramitación do recurso".

Segundo.- Modifícase a estipulación terceira "Réxime económico", segundo o seguinte:

1.- A letra a) do parágrafo primeiro, queda redactada do seguinte xeito:



"a) A Axencia transferirá ao concello o 10% do produto das multas coercitivas e sancións, e como máximo trinta mil euros anuais, efectivamente recadadas polo Axencia no termo municipal de Cerceda";

2.- Suprímese a letra b do parágrafo primeiro, ao quedar o suposto da transferencia por sancións integrada na letra a.

3.- Modifícase o segundo parágrafo quedando redactado do seguinte xeito:

"2. O importe das multas coercitivas e das sancións impostas polo Axencia en exercicio de competencias delegadas polo concello serán ingresadas polos suxeitos abrigados directamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Facenda o seu cobro polo vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a Axencia transferirá ao Concello unha cantidade equivalente ao 10% dos ingresos percibidos, e como máximo trinta mil euros anuais, palas multas coercitivas e sancións recadadas no seu termo municipal.

Este modelo de financiamento será de aplicación as multas coercitivas e sancións impostas a partir da entrada en vigor da presente modificación, sen afectar ás multas e sancións impostas en períodos anteriores, aínda que se recaden unha vez entre en vigor a presente modificación".

Tercelra.- No tocante a estipulación carta "Obrigacións asumidas polo Concello", modifícanse as abrigas contempladas na letra c e f, nos seguintes termos:

"c) cando o concello adherido remita denuncias por obras e usos do solo sen licenza ou sen axustarse ás súas condicións, deberá achegar un informe técnico con contido suficiente para a incoación dos expedientes administrativos que procedan. En todo caso, e como mínimo, deberán identificarse as persoas responsables da actuación inspeccionada, as obras obxecto do expediente, así como os incumprimentos da normativa urbanística.

f) emitir informe previo á resolución dos recursos interpostos contra actos ditados pala Axencia en exercicio de competencias delegadas, no prazo máximo dun mes. Transcorrido o cal, continuarase coa tramitación do recurso".

Corto. Engádese a cláusula oitava no relativo á protección de datos, co seguinte tenor literal:

"Oitava.- Protección de Datos de Carácter Persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do

Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación



destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (en adiante LOPD), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto)."

Quinto.- Prazo de vixencia do anexo.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o seu prazo de vixencia será indefinido.

E para que así conste, asinan o presente anexo, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que faltanlle datos, nós non vemos que a APPLU favorecerá moito en Ares en canto as infraccións urbanísticas ao ter falta de máis datos e de cómo repercutiría realmente no concello vámonos a abster.

Intervén o Sr. Alcalde dando a palabra a voceira do PP.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez manifesta que este novo modelo de convenio beneficia ao concello libera de carga administrativa e ademais no suposto no que se interpuxese recurso contencioso-administrativo antes lle correspondería ao concello a súa defensa e iso suporía unha carga económica, este novo modelo o que fai e atribuír a competencia para resolución os recursos administrativos a Axencia previo informe do concello ademais dun novo modelo de financiamento máis atractivo para os concello polo tanto, o noso voto vai ser a favor.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que unha vez fixadas as posicións se somete o punto a votación.

Sometida a votación o novo "CONVENIO DELEGACIÓN COMPETENCIAS APLU" o Pleno do Concello por unanimidade 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 3 PP) e 3 abstencións (3 BNG), acorda prestarlle a aprobación.



6º APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN CONCELLOS DE FENE, CABANAS, MUGARDOS, ARES E NEDA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DE COLO

Dáse conta do Convenio Colaboración Concellos de Fene, Cabanas, Mugar dos, Ares e Neda para a Xestión compartida do punto limpo de Vilar de Colo do seguinte teor literal;

Os Concellos de Fene e Cabanas contrataron a elaboración dun estudo económico para a prestación do servizo aos cinco Concellos interesados na xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo que estima un custe anual do servizo de 107.538,89 € +10.753,89 € de IVE (custe total=118.292,78 €).

Por todo o sinalado, coa finalidade de poñer en funcionamento o punto limpo de Vilar do Colo, o/as alcaldes/a asinantes subscriben este convenio en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

Este convenio ten por obxecto regular a xestión conxunta do punto limpo de Vilar do Colo sito no polígono industrial de Vilar do Colo do que son copropietarios o Concello de Fene e Cabanas.

O punto limpo de Vilar do Colo prestará servizo aos Concellos de Fene, Cabanas, Mugar dos, Ares e Neda.

Segunda.-Forma de xestión

O servizo do punto limpo de Vilar do Colo prestarase mediante unha xestión conxunta indirecta que se instrumentará a través dun contrato de servizos ao abeiro da normativa contractual vixente.

Na licitación terase en conta a inclusión de cláusulas sociais segundo o establecido na lexislación vixente.

Terceira.-Entidade contratante

O procedemento de contratación será administrado polo Concello de Fene en nome e por conta dos Concellos de Fene, Cabanas, Mugar dos, Ares e Neda, entidades que terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas abrigas, tal e como estipula o artigo 31.3 da Lei 9/2017.

As competencias en materia de contratación que a normativa contractual atribúe ao órgano de contratación serán exercidas polo Concello de Fene, sen prexuízo do estipulado na cláusula sétima deste convenio.

Cuarta.- Regulamento



O regulamento de uso do punto limpo de Vilar do Colo é o aprobado polos Concellos de Fene e Cabanas e publicado no BOP da Coruña número 245 do 26.12.2018.

Calquera modificación substancial do Regulamento que poida afectar ao acordado neste convenio deberá ser obxecto de audiencia previa aos Concellos asinantes.

Quinta.-Obrigas económicas

5.1.-Os Concellos asinantes comprométense a financiar o custe do servizo en proporción á súa poboación conforme ao datos poboacionais oficiais do INE para o 2018.

Conforme aos datos oficiais de poboación, resultan as seguintes porcentaxes:

-Fene: 40,14 % (13013 hab)

-Ares: 17,49 % (5671 hab)

-Mugardos: 16,37 % (5307 hab)

-Neda: 15,77 % (5112 hab)

-Cabanas: 10,23 % (3318 hab)

5.2.-A adxudicación do contrato administrativo deberá ser notificada polo Concello de Fene aos Concellos asinantes, coa finalidade de que estes sexan coñecedores do importe definitivo da financiación que lles corresponde.

5.3.-Por parte do Concello de Fene darase traslado aos Concellos asinantes dunha copia do contrato administrativo formalizado, xunto cunha notificación da cota definitiva que deberán aportar todos os meses e transferir ao Concello de Fene.

Procurarase que o contrato dea comezo a principios de mes, e senda a facturación a mes vencido, os Concellos ingresarán as cotas mensuais antes do día 20 de cada mes, cotas que corresponderán ao servizo prestado e facturado polo xestor do punto limpo o mes anterior.

A notificación da formalización do contrato administrativo determinará a deivindicación da obriga de ingresar ao Concello de Fene as cotas mensuais correspondentes durante toda a vixencia do contrato, sen prexuízo do disposto na cláusula oitava.

5.4.-As cotas mensuais a transferir ao Concello de Fene deberán facerse antes do día 20 do mes que corresponda conforme ao disposto na cláusula 5.3, coa finalidade de que o Concello de Fene poida dar cumprimento á normativa sobre morosidade no pago a provedores.

Sexta.-Incumprimento de obrigas.

6.1.-O incumprimento por calquera Concello de transferir ao Concello de Fene as cotas dentro dos prazos estipulados suporá a abriga automática de transferir ao Concello de Fene os



intereses de demora previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, así como calquera outro dano e prexuízo que se lle irroque ao Concello de Fene por mor do dita incumprimento.

6.2.-0 retraso por mais de dous meses nas transferencias pactadas ao Concello de Fene suporá a rescisión automática deste convenio para o Concello incumpridor, estando abrigado a aportar aos concellos que se manteñan no convenio o importe da financiación á que se tivera comprometido coa sinatura deste convenio ata a finalización do contrato administrativo, sen incluír as súas posibles prórrogas, en concepto de indemnización de danos e prexuízos, no caso de que non se poida modificar o contrato administrativo ou, en todo caso, ata a formalización desta.

O Concello de Fene deberá notificar este feito ao resto dos concellos asinantes.

Os importes desta financiación deberán transferirse anualmente dentro do primeiro mes do ano natural, agás no ano da rescisión, no que se deberá transferir nos prazos fixados pola normativa tributaria, unha vez recibida a oportuna notificación da liquidación que corresponda polo Concello de Fene.

6.3.-No caso de que as liquidacións ás que se refire á anterior cláusula non sexan transferidas ao Concello de Fene nos prazos estipulados, o resto de Concellos asinantes virán abrigados a sustentar o contrato administrativo a partes iguais respecto da cota deixada de pagar, xunto ás posibles indemnizacións ou intereses que se xeren e que se distribuirán nos mesmos termos e previa notificación ao efecto por parte do Concello de Fene.

A parte proporcional a abonar por cada concello deberá incorporarse ao pago mensual ao que se compromete cada concello, sen prexuízo de que o Concello de Fene poida emitir liquidacións complementarias coa finalidade de dar cumprimento ás abrigas derivadas do contrato administrativo e evitar o pago de danos e prexuízos ao contratista.

Estas liquidacións complementarias deberán transferirse ao Concello de Fene no prazo máximo de 15 días naturais.

6.4.-En todo caso, calquera dano e prexuízo reclamado ou recoñecido que se xere ao contratista por falta de pago nos prazos legais establecidos e que non sexan imputables ao Concello de Fene, deberán ser sufragados polo Concello que provoque o incumprimento, previa liquidación ao efecto que lle será notificada polo Concello de Fene e que se deberá ingresar nos termos da normativa recadatoria.

Sétima.-Comisión de seguemento.

Créase unha comisión mixta de vixilancia e seguemento deste convenio que estará integrada polos/as alcaldes/esas dos Concellos asinantes, asistidos, no seu caso, do/as respectivoa/as funcionario/as de habilitación nacional dos respectivos Concellos.

As funcións desta Comisión serán as seguintes:



- Avaliación dos resultados de execución do convenio
- Resolución de dúbidas e discrepancias na aplicación do convenio
- Resolución de problemas de execución do convenio
- Estudo dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexerán a contratación do servizo
- Estudo das propostas de modificación contractuais do servizo no caso de que supoñan elevación do custe económico do contrato
- Acordo sobre as prórrogas do servizo

Oitava.-Duración, entrada en vigor e rescisión.

8.1.-Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extinguirase coa desaparición do seu obxecto.

8.2.-Durante a súa vixencia, o convenio vinculará financeiramente aos Concellos asinantes, que virán obrigados a transferir as cotas ás que se vexan obrigados mentres o servizo sexa prestado e orixine gastos fronte a un acreedor, con independencia da relación contractual que manteña co Concello de Fene.

8.3.-Fóra do suposto previsto de rescisión automática da cláusula sexta, o contrato poderá rescindirase palas seguintes causas:

- Mutuo acordo das partes.
- Mutuo acordo dos Concellos de Fene e Cabanas de non prorrogar o contrato.
- Resolución administrativa do contrato conforme á nonnativa contractual.
- Decisión de non prorrogar o contrato.

No caso de que calquera dos Concellos asinantes non propietarios das instalacións decidan que non se queren manter adheridos ao convenio con ocasión dunha prórroga contractual, sempre que o resto de Concellos asinantes si decidan prorrogar, o resto de Concellos que desexen manter o contrato virán obrigados a financiar a partes iguais os custes que se puideran derivar deste feito, no caso de que non se poida modificar o contrato administrativo ou, en todo caso, ata a formalización desta.

Disposición adicional primeira.- Coa sinatura deste convenio, queda derogado para os Concellos de Fene e Cabanas o "Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Cabanas para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo" no que se opoña a este convenio.



Disposición adicional segunda,- Os concellos asinantes comprométense a financiar conxuntamente a partes iguais o custe do estudo económico da xestión do punto limpo de Vilar do Colo que servirá de base para a contratación do servizo e que foi pagado polo Concello de Fene por un importe de 2.329,25 €, IVE incluído, segundo factura da que se dará traslado a todos os concellos. No prazo máximo dun mes a contar dende o seguinte ao da sinatura deste convenio, as partes asinantes transferirán ao Concello de Fene o importe de 465,85 € por este concepto.

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifesta que xa se nos dou algunha información na Xunta de Voceiros o que si nos gustaría sabes si no resto de concellos foi levado a aprobación.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que van a levar, todos comprometéronse a aprobalo o que non sei e si xa foi ou non, cando un ten o seu pleno pero en principio con isto levamos anos e todos están de acordo en participar neste convenio.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que o seu voto vai ser favorable.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que están de acordo coa proposta do convenio.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que neste convenio o único que pode debaterse dalgunha maneira é o prazo de pago, a preocupación de Fene é que non se lle colguen as liquidacións, que teña que anticipar caixa para financiar os retrasos do resto dos concellos. A EDAR para nós foi unha boa experiencia menos nos últimos tres anos, nos últimos tres anos Mugar dos non nos paga entón estamos financiando nós e adiantando a nosas aportacións, Fene con isto e a experiencia da EDAR di, aquí hai que pagar entón Fene quere que se lle pague mes a mes pero hai concellos que di que mes a mes é imposible pola xestión de intervención, pero é que non nos pagan nin ao ano entón cando entrou Gumersindo no concello de Fene pagounos dous anos seguidos e agora con Mugar dos temos que liquidar a piscina e temos que liquidar a EDAR entón estas cousas son feas é o que preocupa é o único que se pode discutir o resto

Sometida a votación o “CONVENIO COLABORACIÓN CONCELLOS DE FENE, CABANAS, MUGARDOS, ARES E NEDA” o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 3 PP e 3 BNG) acorda prestarlle a súa aprobación.

7º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a



celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dáse por enterado.

8º.- MOCIÓNS-PROPOSTAS:

Non hai

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia, non hai.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías facendo as seguintes preguntas:

- 1) A primeira cuestión é referida ao tema do servizo de augas, dentro dun pouco xa vai facer un ano das restricións de auga no Concello de Ares e creemos que é unha prioridade atender ao servizo de augas e solucionar o grave problema que tivemos o ano pasado que sufriron os veciños/as entón a pregunta é si xa está solucionado ou encamiñado ou que previsión hai, si este verán nos asegura o goberno de que vai a quedar o tema do servizo de augas solucionado e non vai a haber restricións.
- 2) A segunda cuestión é referida aos marcos orzamentarios, eu creo recordar o Secretario debería apuntar ou corrixir, eu creo que a última vez que tiveramos os marcos orzamentarios viron a aprobación ao pleno creo, estou seguro de feito nós votamos en contra eu acórdome dese debate porque aínda que o goberno xustificaba que era unha cuestión que había que cumprir porque viña feita nós non estábamos de acordo con eses marcos orzamentarios entón nós, queríamos saber como é posible que antes viran a aprobación e agora non o teñan que aprobar no pleno, si é que ten que aprobar o goberno en xunta de goberno e nós non sabemos cal é a diferenza dos marcos orzamentarios do 16-17-18 e estes marcos orzamentarios 19-20-21-22 que xa avanzo eu que vai ser imposible de cumprir como foron imposibles de cumprir os marcos orzamentarios estes, o que di é que hai unha previsión para o 21 o 2021 dun orzamento 1400000 e iso non é viable, a non ser que xa saiba o goberno que nos vai a subir os impostos que sería a única maneira de subir esa cantidade, entón esa é a pregunta sobre os marcos orzamentarios.
- 3) A terceira pregunta é que seguimos sen entender que se traian os puntos aquí a dar conta e non se permita o debate, xa o deixamos así xa sabemos que ata que haxa un cambio de goberno isto non vai ser imposible, isto non se vai poder debater, entón imos a facer agora en rogos e preguntas ao respecto do recurso do TACGal quero saber en que situación está, que é o recurso famoso das estacións de bombeo creo recordar entón, queremos saber agora xa sabemos que hai unhas medidas cautelares de paralización do proceso se non me engano entón queremos saber en que punto está iso, si é ese organismo da xunta quen ten que resolver se hai unha previsión de cómo vai resolver e cando vai resolver.

Remata o Sr. Mesías dando grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceira do PP.



Intervén a Sra. Martínez Martínez formulando as seguintes preguntas.

- 1) Con respecto a resolución 42/19, en que consiste o proxecto de rehabilitación da Casa Rectoral.
- 2) En canto a resolución 94/19 Zeta Arqueoloxía e Sistema de Xestión Integral do Patrimonio S.L. 1391,30€, supoñemos que é un proxecto e queríamos saber de que proxecto se trata.
- 3) Con respecto ao segundo punto que veu hoxe ao pleno os marcos orzamentarios queremos dicir que no ano 16-17-18 houbo votación, non se deu conta.

Remata a Sra. Martínez Martínez as preguntas e a continuación manifesta o seguinte rogo, no Parque da Xunqueira pedimos como mínimo un mantemento.

Intervén o Sr. Alcalde pregunta que hai na Xunqueira.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que hai táboas rotas, está sen pintar, as ramas saen por todos os lados.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que sempre hai mantemento, sempre se repón, sempre se corta pero ao mellor non cando un pasa por alí pero alí, fanse cortes de poda e repóñense as madeiras rotas, é un rogo e tomamos conta.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo as preguntas formuladas polo voceiro do BNG.

- 1) En canto o tema de augas tivemos varias reunións con Augas de Galicia, un equipo de enxeñería está trazando os proxectos e vannos a traer, é un problema supramunicipal nós recibimos auga das Forcadas a tubaría é a que é e somos os últimos na liña entón, é un tema supramunicipal a solución non está no noso alcance así o recoñeceu a Conselleira e a Presidenta de Augas de Galicia desprazaron un equipo en novembro ou decembro e están redactando os proxectos entón, en canto poñan enriba da mesa os proxectos veremos as solucións e o alcance das solucións, si son obras pequenas poderanse facer antes do verán, si son obras grandes entre contratación, licitación e execución ao mellor non chegan ao verán. O mércores da semana pasada tivemos unha reunión eu non sei si é Presidenta ou Directora de Augas de Galicia, Directora tivemos unha reunión con ela e os embalses están ao 68% e se preveu sequía co que efectivamente o panorama para o verán é malo, estamos tendo bo tempo e a noticia dos embalses ven no periódico, perderon un 30% de capacidade este outono esa é a realidade entón advertiunos de que pode haber problemas coa sequía, si hai restricións pode ser por dúas razóns, pola declaración dun estado de seca que son automáticas e están establecidas na lexislación vixente ou efectivamente as que temos por falta de presión.

Intervén o Sr. Vilar Rico dicindo que o 13 de febreiro estivera co Director de Obra da zona.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que están co proxecto eu non podo garantir que para o verán este listo, non sei nin a magnitude da obra, son temas de enxeñeiros e eles



recoñecen o problema, recoñeceron a situación e están axudando teñen colaboración que lles vas a dicir, están colaborando e están intentando resolver o problema pero ben é certo que si segue este tempo imos a ter problemas gordos.

- 2) En canto os marcos orzamentario si che digo a verdade non o recordo.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Secretario si se da conta ou se vota.

Responde o Sr. Secretario que quizás aprobáronse con motivo de celeridade do plan de axuste, mellor aprobalos.

Intervén Sr. Alcalde preguntando si mellor subsanamos o punto.

Responde o Sr. Secretario dicindo que como queiran senon no seguinte pleno.

Intervén o Sr. Alcalde novamente dicindo que se pode votar agora.

Responde o Sr. Secretario dicindo como queirades.

O Sr. Alcalde pregunta si alguén quere intervir ou fixamos posicións, ratificamos e subsanamos agora esta situación como o pleno non está levantado que facemos, damos por reproducidas as intervencións e votamos ou volvemos a intervir.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que pola súa parte si.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometido a votación os "MARCOS ORZAMENTARIOS 2019-20-21-22" o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL) e 6 en contra (3 PP e 3 BNG) acorda prestarlle a súa aprobación.

Unha vez sometido o punto a votación o Sr. Alcalde pide desculpas por non darse conta de que se teñen que votar.

- 3) En canto ao tema do recurso eu pediría se lles parece ben como eu non o levo eu coñezo a tramitación pero non a profundidade en consecuencia hai un recurso da outra empresa que concursou e case lle dou a palabra ao Sr. Secretario para que explique en que estado está.

Toma a palabra o Sr. Secretario dicindo que pola contía admite recurso especial e a empresa que se sinte prexudicada Aqualia interpuxo recurso ante o Tribunal de Recursos na Xunta de Galicia ao non ser o procedemento dinámico nin competitivo automaticamente significa a suspensión do procedemento para todos, Fene, Cedeira en todos os lados.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si se suspendeu a adxudicación.

Responde o Sr. Secretario dicindo que non, está adxudicado pero non se formaliza.



Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que o que se suspende é a toma.

Continúa o Sr. Secretario dicindo que si, que está no seu dereito interpuxo un recurso que repercute nas contías, non reclama o expediente está admitido e agora que resolva.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o que entendo e si me equivoco me corrixe, a lei de contratos ten unha previsión supletoria e non nega a capacidade dos concellos de establecer nas bases concretas valoracións específicas entón, pola lei de contratos sería dunha maneira pero como nós dicimos nas bases previsións para esa situación priman as bases non é así.

Responde o Sr. Secretario dicindo que eles non discuten as bases, o que discuten é a metodoloxía de valoración porque non está xustificada non a dan por válida.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que conforme as bases que están en licitación, están en baixa e efectivamente están no seu dereito en recorrer, presentaron nese recurso e nesa estamos.

Remata o Sr. Alcalde de responder as preguntas formuladas polo voceiro do BNG.

Continúa o Sr. Alcalde respondendo as preguntas formuladas pola voceira do PP.

- 1) En canto a Casa Rectoral imputase a varias partidas o que é a rehabilitación da Rectoral este ano vai con cargo a dúas partidas, unha enteiramente municipal que é a obra de aseguramento é o baleirado e a posta en seguridade dos muros e logo a rehabilitación a construción nun POS entón, imos a empezar polo que se necesita antes dun POS, hai que baleirala e asegurar os muros iso nun POS non entra é unha intervención previa que paga o concello hai unha intervención previa para poñer a casa en condicións e executar un POS sobre ela entón primeiro hai que baleirar o escombros do interior, hai uralita polo que ten que haber un plan específico de recollida deste material porque é perigoso, unha empresa especializada é dicir hai que poñer unha casa en condicións de que logo a empresa adxudicataria do POS se poña a facer a obra do POS entón esa obra colapsou e esixe traballos previos que é baleirar todo o que hai dentro, as uralitas e asegurar os muros que están comados nesas condicións non podemos sacar a licitación o proxecto do POS entón, eu non sei si esta resolución é desta obra.

Intervén a Sra. Marcos García dicindo que esta resolución é porque houbo uns problemas técnico co proxecto, corrixiuse e volveuse a enviar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que isto ten que ser da rehabilitación exterior pero nos imos facer o baleirado e a posta en condicións de seguridade con carácter previo porque ese edificio colapsou hai que baleiralo e hai uralita é un material perigoso.

- 2) En canto a resolución 94/19.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que pensan que é un proxecto, será da Rectoral e o que nos preguntamos.



Responde a Sra. Marcos Garcia dicindo que non, que iso foi polo POS complementario que fixemos da obra de aparcadoiro e zona verde que está enriba das escaleiras de Chanteiro que nesa zona houbo que facer un estudo arqueolóxico.

- 3) En canto os marcos orzamentarios, xa os votamos.

Remata o Sr. Alcalde de responder as preguntas formuladas pola Sra. Martínez Martínez e manifesta que en canto o rogo da Xunqueira terase en conta.

O Sr. Alcalde continúa respondendo as preguntas formuladas no pleno anterior.

- 1) En canto a obra do Petelo faina Costas, a parcela de arriba comprouna o concello para facer un mirador entón o mirador mellor comunicalo co Paseo Marítimo, fixemos a solicitude a Costas e decidiu ese proxecto que non hai ramplas, eu creo que a pendente é complicada a dispoñibilidade económica e deles a zona de intervención é servidume e deles e dicir nós non pintamos nada e fixeron a anterior é dicir, a inmediatamente anterior rumbo ao Porto e tamén fixeron escaleiras, fixeron máis escaleiras ramplas nas súas zonas non poñen entón imaxino que haberá dificultade técnica cumprindo os requisitos de accesibilidade en canto a pendente e ángulo e si facer unha rampla implica facer as escaleiras na estrada porque para dar o ángulo de 30 hai que prolongalas pois é moi complexo entón aí si se fan esas escaleiras e non se fixo unha rampla é porque é unha obra de Costas é o seu orzamento e a súa zona de intervención, é certo que como nós os que pedimos as intervencións, aí pedimos un acceso e efectivamente están facendo un e ningún dos que fixo Costas lea rampla.
- 2) En canto a eliminación das prazas de aparcadoiro na Avda. de Mugar dos, é unha estrada autonómica ata a rampla grande é certo que no tramo máis urbano case nunca interveñen e que ata a escola si que interveñen non é a primeira vez que repuxeron o firme, eles presentaron un proxecto que negociou o Sr. Deus sendo Alcalde de Mugar dos a min chamoume, díxome que estaba negociando e a min pareceume ben o mérito é del e fun alí a presentación, a presentación xa foi o proxecto e había un marxe con eliminación de prazas, pero non hai marxe e dicir a min chámame o Sr. Deus que vai presentar iso, a min paréceme correcto e non teño nada que dicir porque a estrada é autonómica é certo que non me deu moitos máis datos e que o seguinte foi a presentación do proxecto no Concello de Mugar dos entón asistín vin o acto e dixéronme que era imprescindible para facela, que era unha cousa ou outra que non se podía manter as dous que o proxecto era unha senda ciclista e que a senda ciclista ten que ir por algún lado entón como non había alternativas técnicas tampouco pois é unha mellora importante, é unha senda importante, comunica Ares con Mugar dos era un tema de dous a iniciativa levouna sempre Mugar dos e o Sr. Deus e nós sumámonos a unha boa iniciativa que ía a facer unha nova obra e si queríamos e si queríamos senda ciclista tiña que ir por algún lado, o que non podemos e eliminar a beirarrúa e que podemos facer a beirarrúa para peóns e ciclistas tiña que ir por esa zona e non puxemos ningún obstáculo senón todo o contrario, colaboramos en todo o que puidemos en todo o que nos pediron e estamos encantados ca obra tivo ese custe ben, ao final tamén en fronte da escola fíxose unha explanada pequena que estaba antes pois practicamente abandonada e aí fixéronse unhas prazas de aparcadoiro tamén, eu



creo que o proxecto en xeneral é moi beneficioso para Ares e o custe é que se eliminaron prazas nun marxe a cambio dunha senda pero e que ese non era o obxectivo da intervención, o obxectivo non era facer a estrada era precisamente facer a senda ciclista tiña que ir por algún lado e non había opción .

- 3) En canto o POS 2019 déronnos 59000€ a maiores.
- 4) En canto a resolución 1/19 gratificacións da policía local non sei que é.

Intervén o Sr. Cendán Fernández manifestando que en decembro do ano pasado estábamos sen servizo uns días e fixeron unha horas e pagouse ese servizo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde explicando que a veces dáse tempo por tempo pero a veces acumulan tanto que quedamos sen servizo.

Intervén o Sr. Luis Cendán dicindo que eran os auxiliares que xa acaban o contrato e había que darlles vacacións e para cubrir esas horas.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde dicindo que non van a traballar gratis, si os necesitas e están fora da súa xornada laboral pois haberá que pagarlles a gratificación.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,